

# MERCADIÑO DE NADAL 2017

## **1. DESCRIPCIÓN:**

Mercadiño de nadal celébrase na Baña dende o ano 2015 o terceiro domingo de decembro. É un evento de dinamización gastronómico-comercial que ten por obxectivo a promoción, protección e valorización dos produtos e cousas do nadal.

## **2. Organización:**

Concello da Baña: Axencia de desenvolvemento local e Concellería de Cultura

Teléfono: 981886777 ou 9818886501

## **3. Lugar, datas e horarios:**

**Localización:** Rúa Xacinto Rodríguez.

**Data de celebración:** 17 de decembro de 2017

**Horarios:** atención ao público dende as **12:00h ata as 20:00h ininterrompidamente.**

Durante este horario os expositores deben manter abertos os seus postos con persoal para atención ao público.

## **4. Participación:**

A participación no mercadiño, mediante invitación, é totalmente gratuíta. O Concello da Baña pon a disposición dos expositores taboleiros e cabaletes ademais dos servizos precisos para a exposición e venda dos seus produtos. Haberá un servizo personalizado e gratuíto de empaquetado de agasallos para expositores e compradores que efectúen as súas compras no mercadiño de nadal da Baña.

Os produtos expostos no mercadiño de nadal terán relación coa temática do mercado así como a tempada. Deben cumprir a normativa vixente para a venda de produtos de alimentación e contar cos rexistros sanitarios necesarios para a distribución e venda do produto do que se trate.

## **5. Produtos permitidos:**

O mercadiño de nadal é un evento gastronómico-comercial que ten por obxectivo a promoción, potenciación e posta en valor dos produtos da zona.

**A organización poderá retirar do posto aqueles produtos que non teñan autorización previa e non cumpran os requisitos de aceptación.**

#### **6. Venda directa e degustación**

A organización permite a venda directa e as degustacións no posto ao criterio de cada expositor.

**Actividades no posto:** Os expositores terán que informar á organización das actividades programadas para poder difundir con antelación. Todas estas accións deberán ser previamente autorizadas.

Queda totalmente prohibida a venda e o servizo de alcohol a menores de 18 anos.

#### **7. Adxudicación de espazos:**

A organización é a única encargada da adxudicación de postos así como a súa disposición e localización na rúa Xacinto Rodríguez, no espazo habilitado para a celebración do mercadiño de nadal.

#### **8. Decoración do stand:**

O stand non ocupará mais de 2,5 metros cadrados.

Será por conta do expositor traer a decoración precisa para a exposición do seu produto atendendo á temática do mercadiño de nadal.

En ningún caso se permitirá o montaxe de elementos construtivos ou de decoración que excedan do posto e espazo permitido.

A organización resérvase o dereito de rexeitar aquel montaxe ou material que considere impropio de figurar no mercadiño, ou aqueles produtos que poidan significar un perigo para o persoal e/ou visitantes.

#### **9. Montaxe e desmontaxe:**

##### Montaxe

O horario de montaxe será desde as 8:30 á 11:45

Os postos deberán estar debidamente preparados para a atención ao público o domingo as 12:00h. A esa mesma hora a entrada ao mercadiño e o recinto contiguo deberá estar libre de coches e furgonetas.

## Desmontaxe

O horario de desmontaxe dos postos comezará o domingo 17 de decembro as 20:00h. queda prohibido iniciar a desmontaxe dos postos antes da hora indicada.

### **10. Aparcamento:**

O aparcamento do recinto do mercadiño estará a disposición dos expositores para carga e descarga durante o horario de montaxe.

Unha vez iniciada ó mercadiño os expositores que precisen cargar e descargar farano utilizando os aparcamentos que a organización disporá para tal efecto.

Non se permitirá á entrada nin saída de vehículos no recinto do mercadiño durante a celebración do mesmo.

### **11. Incomparencia**

O expositor debe comunicar á organización a renuncia ou a súa incomparencia con suficiente antelación.

### **12. Sorteos:**

Co obxectivo de incentivar tanto a visita como a venda no mercadiño a organización sorteará entre os compradores de produtos do mercadiño de nadal da Baña, unha cesta cos produtos expostos á venda no mercado . Para tal fin, a organización solicita a colaboración de todos os expositores ofrecendo, de xeito gratuíto, unha mostra do seu produto para elaborar a devandita cesta, por un importe mínimo de 30€.

A organización prega a súa entrega o domingo pola mañá antes das 12:00 horas. A partir de esa hora a cesta estará exposta aos visitantes no posto de empaquetado.

O sorteo celebrarase:

- Domingo as 19:30 da tarde

# **Premio A Baña Mercadiño do Nadal da Baña 2017**

## **1. Descripción:**

A mercadiño de nadal quere premiar aos expositores participantes e recoñecer o esforzo, a dedicación e a innovación nos seus produtos.

Este premio pretende ser unha fonte de atracción para os visitantes do evento e para clientes potenciais.

## **2. Organización:**

Concello da Baña: Axencia de desenvolvemento local e Concellería de Cultura.

## **3. Categorías:**

A categoría na que se pode participar é:

Mellor decoración do posto

## **4. Candidaturas:**

O premio á mellor decoración será recoñecido polas persoas asistentes compradores no mercadiño de nadal e, serán validos todos os postos participantes no mercadiño, agás que manifesten expresamente non participar no premio.

## **5. Xurado e veredicto:**

Resultará premiado o posto que reciba máis votos por parte dos participantes nas compras do mercadiño que irán depositando nunha urna ao efecto.

O posto gañador será o que máis votos reciba e farase público o mesmo día ás 19:30 horas e recibirá un diploma e un agasallo do Concello da Baña.

## **6. Outros:**

O posto premiado recibirá un diploma no que figurará o nome da empresa ou empresario/a galardoada.

Ademais a organización difundirá o nome do gañador a través das súas canles de comunicación e redes sociais.

A participación no premio implica a plena aceptación das bases.